



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data				2015/16
Subject (*)	Sociología política		Code	615G01304
Study programme	Grao en Socioloxia			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatoria	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinador	Vazquez Fernandez, Xose GabrielCastro Noya, Maria Luisa Fernanda	E-mail	gabriel.vazquez@udc.esluisa.fernanda.castro.noya@udc.es	
Lecturers	Castro Noya, Maria Luisa Fernanda Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	E-mail	luisa.fernanda.castro.noya@udc.es gabriel.vazquez@udc.es	
Web	www.sociologia.udc.gal			
General description	A razón de ser desta asignatura é introducir ao alumnado nas principais cuestións que son campo de estudo da socioloxía política (análise da política no seu contexto social), considerado desde un punto de vista multidisciplinar, que se ocupa das relacións entre a sociedade, prestando especial atención a aqueles temas que en función das cambiantes circunstancias da realidade teñan maior actualidade. O obxectivo non é só a transmisión de coñecementos senon que tamén se pretende transmitir habilidades e capacidades (de adaptación, de búsqueda de información, de sistematización de ideas, etc.) e trasladar ao alumnado unha actitude analítica, de entendemento e respecto, tanto no que se refire aos contidos científicos como ás opinións que se emitan en clase a partir da discusión de diversos temas e feitos sociais.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A3	Introducción a la evolución de las sociedades contemporáneas y de sus movimientos sociales y políticos.
A8	Análisis de las transformaciones y evolución de las sociedades contemporáneas.
A10	Introducción a las teorías sobre el poder, la legitimidad y el Estado. Formas de organización política y su evolución histórica, con especial atención a los sistemas contemporáneos.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.
B13	Razonamiento crítico.
B24	Habilidades para contextualizar e identificar los actores clave en cada situación.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecemento do desenvolvemento das sociedades a través das relacións sociais e, concretamente, das de dominación e poder.	A3 A10	B24	
Comprensión do funcionamento das interaccións sociais na súa tradución á realidade política	A8 A10	B24	
Aplicación dos coñecementos e a súa comprensión ao estudo da realidade social e, concretamente, ao contexto político, tanto presente como pasado e futuro.	A8	B3 B24	C4
Análise de situacións e contextos sociopolíticos da realidade	A8	B3 B24	



Síntese dos factores e procesos que conformaron, conforman e poden conformar as diferentes situacións e circunstancias sociopolíticas	A8	B3 B24	C4
Avaliación dos contidos, aspectos, circunstancias, contextos, factores e procesos que se producen nas relacións sociais e dan como resultado as diferentes e múltiples situacións e escenarios sociopolíticos da realidade social.	A8	B3 B13 B24	C4

Contents	
Topic	Sub-topic
TEMA 1: Socioloxía Política	1.1. As relacións entre sociedade e política 1.2. O ámbito da socioloxía política 1.3. Principais cuestións 1.4. Evolución dos análises sociopolíticos 1.5. A multidimensionalidade da relación sociedade-política
TEMA 2: Estado, Nación e Globalización	1.1. A formación do Estado nacional e as transformacións históricas 1.2. A nación política e a nación cultural 1.3. O Estado-Nación e os nacionalismos periféricos 1.4. Entidades supranacionais: a U.E. 1.5. Globalización e interdependencia
TEMA 3: Democracia: antes e despois	1.1. A democracia e os seus retos 1.2. A élite corporativa e o poder político 1.3. O reaxuste das ideoloxías políticas 1.4. Cidadanía: Dereitos individuais e sociais 1.5. Relación entre Estado, sociedade civil e mercado 1.6. Opinión pública e medios de comunicación
TEMA 4: O Estado de Benestar versus o Estado Neoliberal	1.1. Orixe e evolución do Estado de benestar 1.2. Conflicto e sociedade pacificada 1.3. Novas estruturas emerxentes 1.4. Muller e Estado de Benestar 1.5. Envellecemento e migracións 1.6. Os servizos sociais
TEMA 5: Comportamento Político	5.1. Factores explicativos do comportamento político 5.2. Clase social e comportamento político: perda de relevancia 5.3. Outras variables 5.4. Liñas de división social 5.5. Comportamento político electoral en Galicia e en España
TEMA 6: Participación política, acción colectiva e conflito político	6.1. As eleccións e o proceso de representación política 6.2. Factores da participación política 6.3. Vellos e novos actores 6.4. A relevancia actual dos partidos políticos 6.5. Os grupos de presión no ámbito local e global 6.6. Movimentos sociais e novas identidades 6.7. Acción colectiva e participación política 6.8. Conflictos políticos e violencia política
TEMA 7: Socialización e Cultura Política.	7.1. Concepto e procesos de socialización política 7.2. O papel da cultura política 7.3. Cultura política e cambio sociopolítico 7.4. As novas tecnoloxías da información e a opinión pública 7.5. A mediatización da vida pública



TEMA 8. Cambio Social e Cambio Político	8.1. Conflictos Norte-Sur, Terceiro-Primeiro Mundo 8.2. A loita polos recursos naturais e os límites da natureza 8.3. Conflictos étnicos e conflitos relixiosos: choque de mentalidades 8.4. Gobernanza e Globalización
---	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A3 A10	15	0	15
Workbook	A8 A10 B3 B13 C4	0	4	4
Directed discussion	A8 B3 B13 B24 C4	7	0	7
Case study	A3 A8 A10 B3 B13 B24	10	0	10
Supervised projects	A8 B3 B13 C4	3	12	15
Research (Research project)	A8 B3 B13 B24 C4	8	88	96
Personalized attention		3	0	3

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender a socioloxía política e para levar a cabo o traballo de investigación.
Workbook	Tanto para a realización do traballo teórico práctico, como para a parte de discusión e participación en clase son necesarias unha serie de lecturas, con especial referencia ó manual básico explicitado na bibliografía da asignatura
Directed discussion	Trátase de levar a cabo debates nas clases sobre temas da realidade social política, requiríndose a participación e o interés do alumnado. Tanto na fase expositiva da asignatura como na parte de traballos tutorizados ou da propia investigación a levar a cabo o debate, tanto particularizado como colectivo, se plantexa como unha ferramenta pedagóxica moi útil. Nesta parte da asignatura tamén se procura fomentar o traballo e espírito de equipo, noutras palabras, desenvolver a chamada intelixencia social; de xeito que o alumnado poda ver por sí mesmo as vantaxes de xuncir esforzos, fronte á empresa individual. Para acadar isto, así como para o conxunto da asignatura, se presenta o contido referido á parte práctica, no que tamén resulta fundamental a discusión dirixida, tanto nas clases como nas tutorías. Polo tanto, a asistencia e participación estimáanse fundamentais no plantexamento da asignatura. Un dos obxectivos principais de calquera plantexamento didáctico debería conseguir a máxima implicación posible por parte do alumnado. E uns bos indicadores da mesma son, sen dúbida, a asistencia e a participación dos alumnos no desenvolvemento das clases, no ensino e na aprendizaxe. Por un lado, unha asistencia non coercitiva, senón acadada a traveso de despertar o interese e, polo tanto, o seguimento voluntario da asignatura. Asimesmo, a participación tamén supón un valor a fomentar e acadar no desenvolvemento destas clases, que os alumnos participen, ben facendo preguntas, debatindo, pedindo máis información, nas tutorías, etc. En definitiva, estamos a falar da importancia que ten o traballo participativo do alumnado nas clases.
Case study	Nas sesións maxistras se traerán a colación casos e exemplos de situacións e circunstancias sociopolíticas que sexan de interese, sobre todo desde o punto de vista didáctico. Con elo se pretende lograr o interese por parte do alumnado, así como a súa participación. Ademais, servirán de exemplo tamén para a aportación na parte empírica do traballo por parte do alumnado.
Supervised projects	Para a elaboración do traballo de investigación, establécense partes, entregas e tutorías específicas, de xeito que a parte práctica da asignatura consistirá basicamente no desenvolvemento destas tutorías. Todo o alumnado deberá pasar por elas, tanto para ir conformando os contidos das diferentes partes da investigación principal como para facer as entregas das diferentes partes da mesma, segundo o calendario que se determine. Ditas partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análises e conclusións. Esta partes entregaranse perante correo electrónico



Research (Research project)	A asignatura consiste na demostración por parte do alumnado do que sabe facer, polo que o proxecto de investigación e o seu resultado constitúen o eixo central tanto do traballo a desenvolver como da avaliación da asignatura. Trátase da elaboración dun traballo individual ou en equipo, que se concertará co profesor, dentro dunha relación ampla de temas posibles: poderá ser de carácter xeral ou específico sobre algún aspecto concreto da realidade sociopolítica do entorno ou a nivel global. Este traballo deberá ser teórico práctico. É dicir, na parte teórica se explicitarán aqueles contidos vistos en clase e outros recopilados polo alumnado sobre a información existente sobre o tema escollido, para dominalo e que non se den repeticións nin erros. Mentras que a parte práctica ou empírica deberá reflectir a información primaria que aporta o alumno/a sobre o tema (ben perante técnicas de recollida de información, como son as enquisas, entrevistas, grupos de discusión, etc. ou ben perante a observación, experiencias ou outras aportacións). O traballo entregárase en arquivo adxunto perante correo electrónico.
-----------------------------	---

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects Research (Research project)	A realización dos traballos, tanto por partes como a investigación final, requiren asistencia e titorías para orientar e acordar os contidos e obxectivos. En concreto, estamos a falar da axuda na elección do traballo de investigación, asesoramento en canto a fontes de información, consellos prácticos para a obtención de información primaria, supervisión dos tempos de entrega e de realización do traballo de investigación, etc. Asimesmo, parte do tempo das clases maxistras se adicará a responder ás preguntas, dúbidas e demais cuestións do alumnado.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A3 A10	Tanto a asistencia, como o interese e a participación en clase serán avaliadas, así como a asunción e reflexo dos contidos explicitados no traballo de investigación	10
Supervised projects	A8 B3 B13 C4	De cara ao proxecto a investigación final, establécense unha serie de fases ou etapas de traballos titulados, que deberán informarse ao profesor e entregarse dacordo ao calendario establecido a este efecto. Estas fases e/ou partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións. As entregas periódicas das diferentes fases e partes do traballo de investigación terán carácter obrigatorio e serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento de ditos prazos de entrega.	20
Directed discussion	A8 B3 B13 B24 C4	En todo o proceso de desenvolvemento da asignatura, e sobre todo de cara a avaliar o interese e participación do alumnado, así como a súa contribución ao enriquecemento de contextos propicios de aprendizaxe, estudo e traballo.	10
Research (Research project)	A8 B3 B13 B24 C4	É a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos titulados.	60

Assessment comments



Ao ser dous Grupos, cada Profesor complementará a metodoloxía de desenvolvemento e avaliación da asignatura.

Esta asignatura está plantexada para ser cursada presencial e participativamente, xa que a súa avaliación na convocatoria ordinaria pretende ser o máis integral posible (coñecementos teóricos adquiridos, traballo práctico ou habilidade técnica, interese, actitude, etc.). De ahí que a asistencia e a participación sexan tidas en conta á hora da avaliación.

A avaliación baséase sobre todo na elaboración dun traballo teórico-práctico. Sendo a participación, o interese mostrado e a asistencia ou outros pilares da asignatura.

O traballo poderá facerse individual ou colectivamente, avaliándose o mesmo en base ao número de autores, segundo á ponderación correspondente.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a asignatura na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituida por unha avaliación continua.

Para o resto de convocatorias haberá unha proba escrita ou examen, no que ademais dos contidos teóricos se inclúe un soposto de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua.

Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

Sources of information

Basic	- Campillo, Antonio (2008). El concepto de la política en la sociedad global. Barcelona: Herder - Luhmann, Niklas (2014). Sociología Política. Madrid : Trotta - Dowse, Robert E. y John A. Hughes (1990). Sociología Política. Madrid: Alianza - Rousseau, Jean-Jacques (1992). El contrato social. Madrid: Espasa Calpe - Machiavelli, Niccolò. (2003). El príncipe. Madrid: Espasa - Sesma Landrín, Nicolás (2010). Antología de la Revista de Estudios Políticos. Madrid: Publicaciones BOE - Arendt, Hannah (1997). ¿Qué es la política?. Barcelona: Paidós - Duverger, Maurice (1990). Introducción a la política. Barcelona: Ariel - Bottomore, Tom (1982). Sociología política. Madrid: Aguilar - Horowitz, Irving L. (1977). Fundamentos de sociología política. México: Fondo de Cultura Económica - Judt, T y Snyder, T. (2012). Pensar el siglo XX. Madrid: Taurus - Michels, Roberto (2006). Introducción a la sociología política. Granada : Comares - Piketty, Thomas (2014). El capital en el siglo XXI. México: Fondo de Cultura Económica - Marx, Karl (1994). El capital: crítica de la economía política. Madrid: Siglo XXI - Benedicto, J. y Morán, M^a L. (eds.) (1995). Sociedad y Política: temas de Sociología Política. Madrid: Alianza Universidad
-------	---



Complementary	- Attali, J. (2007). Breve historia del futuro. Barcelona: Paidós - Crouch, C. (2004). Posdemocracia. Madrid: Taurus. - Dahl, R.A. (2002). La democracia y sus críticos. Barcelona: Paidós - Delgado, I y López Nieto, L. (2008). Comportamiento político y Sociología Electoral. Madrid: UNED. - Tilly, Ch. (2009). Movimientos Sociales 1769-2008. Barcelona: Crítica - Touraine, A. (2009). La Mirada Social: Un marco de pensamiento distinto para el siglo XXI. Barcelona: Paidós. - VV.AA. (2012). Informe sobre la democracia en España 2012. Madrid: Fundación Alternativas - VV.AA. (2011). Atlas de las civilizaciones. Madrid: Le Monde Diplomatic-UNED Para máis información: - Bouza, F. (2010): Política; en Informe Galicia 2010. Santiago de Compostela. Tempos Novos. - Cárdenas Gracia, J. F. (1992): Crisis de legitimidad y democracia interna de los partidos. México, FCE. - Castells, M. (2009): Comunicación y Poder. Madrid, Alianza Universidad. - Dahl, R.A (2010): ¿Quién gobierna?. Democracia y poder en una ciudad estadounidense. Madrid, CIS-BOE. - Khanna, P. (2008): El segundo mundo: Imperios e influencia en el nuevo orden mundial. Barcelona. Paidós - Jahanbeglo, R. (2007): Elogio de la diversidad. Barcelona. Arcadia - Judt, T (2010): Algo va mal. Madrid, Taurus. - Maalouf, A. (2009): El desajuste del mundo: Cuando las civilizaciones se agotan. Madrid, Alianza Universidad. - Montero, J.R., Gunther, R. y Linz JJ.(2007): Partidos Políticos: Viejos conceptos y nuevos retos. Madrid, Editorial Trotta- Fundación Alfonso Martín Escudero. - Navarro, V. (dir.) (2009): La situación social en España/III. Madrid. Biblioteca Nueva-FLC. - Parés M. (2009): Participación y calidad democrática. Barcelona Ariel-Generalitat de Catalunya. - Rego, E. (2010): Benestar, en Informe Galicia 2010. Santiago de Compostela, Tempos Novos. - Rosanvallon, P. (2010): La legitimidad democrática. Barcelona. Paidós. - Therborn, G. (2012): El Mundo: Una guía para principiantes. Madrid. Alianza Universidad. - Vallespín, F. (2000): El futuro de la Política, Madrid, Taurus
---------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Antropología social y cultural/615G01102

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Economía política/615G01104

Política social y servicios sociales/615G01308

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.